

Outro futuro é posible: proxecto de centro, curso 2022/23

- Elabora un mapa conceptual sobre a evolución polític da Segunda República salientando:
1. As características das reformas económicas, sociais e políticas dos gobernos presididos por M. Azaña (1931/1933), as consecuencias das políticas rectificadoras do bienio radicalcedista (gobernos presididos por A. Lerroux: 1934/1935) e a reactivación desas políticas reformistas polo goberno de Casares Quiroga despois da victoria electoral da Fronte Popular en febreiro de 1936.
 2. Os grupos sociais favorecidos e perxudicados polas reformas do bienio socialazañista.

A proclamación da República

As eleccións municipais do 12 de abril de 1931 foron entendidas pola poboación como un plebiscito entre monarquía e república. A participación foi moi elevada e os resultados electorais sinalaron unha clara vontade de cambio político: o triunfo republicano foi evidente nas grandes cidades (maioría en 41 capitais de provincia) e nas rexións industriais, aínda que os monárquicos obtiveron un maior número global de concelleiros.

Ante estes resultados electorais e a proliferación de manifestacións solicitando a proclamación da República, **Afonso XIII suspendeu a potestade real**, abandonou o país e partiu cara ao exilio.

Dous días despois, o **14 de abril de 1931, foi proclamada a Segunda República española**, e formouse un Goberno provisional con membros da coalición republicano-socialista, vencedora nas eleccións.

O Goberno provisional e as Cortes Constituíntes

O novo Goberno puxo en marcha varias **reformas** solicitadas por un amplo espectro da poboación: legalidade de todos os partidos e sindicatos, amnistía xeral para presos políticos da ditadura, creación dunha Generalitat provisional para o goberno de Cataluña e amplas leis sociais que incluían a xornada de 8 horas, o salario mínimo e o seguro ante os accidentes de traballo.

A implantación da República non estivo exenta de problemas. Por unha banda, a actitude hostil cara ao novo réxime dalgúns sectores eclesiásticos provocou unha onda de anticlericalismo e en varias cidades queimáronse igrexas. Por outra banda, algúns grupos anarquistas (sobre todo a CNT) apertaron o novo Goberno, chamando á revolución social cunha onda de folgas obreiras e ocupacións de terras.

En xuño de 1931, convocáronse eleccións a **Cortes Constituíntes**, que lle deron a maioría á coalición republicano-socialista. A primeira gran tarefa das novas Cortes foi elaborar unha **Constitución**, que foi aprobada en decembro dese mesmo ano.

Un novo clima político

A República deu lugar a unha grande efervescencia política. Os debates nas Cortes eran seguidos con interese pola poboación, que segundo a súa posición ideolóxica apoiaba a uns ou outros partidos. Dirixentes como o republicano Manuel Azaña, o socialista Francisco Largo Caballero, o conservador José María Gil Robles, a dirixente comunista Dolores Ibarruri, "a Pasionaria", e o anarquista Buenaventura Durruti arrastraban as multitudes nos seus mítins.

Afonso XIII abandona o trono

As eleccións celebradas o domingo revélanme claramente que non teño o amor do meu pobo. (...) Son o rei de todos os españois e, tamén, un español. (...) Pero, resoltamente, quero afastarme de canto sexa lanzar un compatriota contra outro, en fraticida guerra civil. Non renuncio a ningún dos meus dereitos, porque máis ca meus son un depósito acumulado pola Historia (...). Agardo a coñecer a auténtica expresión da conciencia colectiva e, mentres fala a nación, suspendo deliberadamente o exercicio do Poder Real e afástome de España, recoñecendoa así como única señora dos seus destinos.

Comunicado de Afonso XIII, 14 de abril de 1931.

PARTIDOS POLÍTICOS E SINDICATOS

	ESQUERDAS	DEREITAS
Partidos republicanos ou que aceptan a República	- Esquerda Republicana (Azaña) - Partido Radical Socialista (Domingo)	- CEDA (Gil Robles) - Partido Radical (Lerroux)
Partidos autonomistas	- Esquerra Republicana de Catalunya (Macià, Companys) - Organización Republicana Galega Autónoma (ORGÁ; Casares Quiroga)	- Lliga Regionalista (Cambó) - Partido Nacionalista Vasco (Aguirre)
Partidos contrarios á República		- Renovación Española (Calvo Sotelo) - Falange Española (J. A. Primo de Rivera) - JONS (Ledesma) - Comunión Tradicionalista (antigos carlistas)
Partidos e sindicatos obreiros	- PSOE (Prieto, Besteiro) - UGT (Largo Caballero) - CNT e FAI (Montseny, Durruti) - PCE ("a Pasionaria") - POUM (Nin)	

ELECCIÓN XERAIS DE XUÑO DE 1931



O Bienio Reformista

A Constitución non logrou o consenso de toda a poboación, polo que o ambiente político se crispou: houbo incidentes na rúa e comezaron as conspiracións contra a República. En decembro de 1931, os republicanos máis moderados deixaron o Goberno, descontentos polos artigos da Constitución relativos á relixión. Niceto Alcalá Zamora ocupou a presidencia da República e **Manuel Azaña** foi designado **presidente do Goberno**. (14)

Entre 1931 e 1933, Azaña continuou o labor reformista:

- Iniciouse a **reforma agraria**, que pretendía aumentar a produción e mellorar a vida dos campesiños. Para iso, aprobouse unha lei que autorizaba a expropiación con indemnización dos latifundios sen cultivar, que serían repartidos entre campesiños sen terra en réxime de arrendamento. Pero o Instituto de Reforma Agraria (IRA) non contou con diñeiro suficiente para aplicala. A reforma decepcionou a moitos campesiños e a conflitividade social rexurdiu con enorme forza no campo.
- Concedeuse a **autonomía a Cataluña**, coa aprobación do Estatuto catalán en 1932 e a creación da Generalitat.
- Aplicouse unha **reforma militar**. Reduciuse a duración do servizo militar. Esixiuse aos mandos do Exército xurar lealdade á República e ofreceuse a posibilidade de pasar á reserva a quen non o fixese. (8)
- Abordáronse **reformas laborais**, como o establecemento de salarios mínimos e seguros de accidente.
- Reformouse a **educación**, xa que se pensaba que era a vía para a mellora social. Construíronse 10.000 escolas de ensinanza primaria e o orzamento de educación aumentou nun 50 %.
- Reguláronse o **matrimonio civil** e o **divorcio**.

O Goberno tivo que facer fronte á **oposición** dos grandes propietarios de terras, das altas xerarquías da Igrexa e do Exército, que consideraban demasiado radicais as reformas, pero tamén dos anarquistas e dos sindicatos, que querían transformacións máis profundas.

En agosto de 1932 houbo un intento de **golpe de Estado** liderado polo xeneral **Sanjurjo**, que fracasou. Por outra parte, os anarquistas protagonizaron levantamentos e ocupacións de terras. En **Castilbanco** (Badaxoz) houbo enfrontamentos entre os campesiños e a Garda Civil, e en **Casas Viejas** (Cádiz), un levantamento campesiño en 1933 foi duramente reprimido polas forzas da orde.



7. A multitude festexou a proclamación da Segunda República.



8. Manuel Azaña, no centro, cun grupo de militares.

CLAVES PARA ESTUDAR

- Que novidades supuxo a Constitución de 1931 respecto á de 1876?
- Enumera as reformas do Bienio Reformista. Que grupos se opuxeron a elas?

PENSA. Que importancia concedeu a Segunda República á educación? É un aspecto importante nun país? Por que?

Que reformas emprendeu a República?

Durante o Bienio Reformista (1931-1933), o Goberno da conxunción republicano-socialista puxo en marcha un programa de reformas que tratasen a modernización do Estado e o crónico problema da agricultura española.

As reformas bateron coa oposición frontal daqueles que perdían parte dos seus privilexios, pero tamén coa de quen consideraba que os cambios eran demasiado lentos. A que sectores afectaban estas reformas? En que consistían?

A MODERNIZACIÓN DO ESTADO

A Segunda República emprendeu algunhas reformas que desde había decenios estaban pendentes e eran indispensables para modernizar o país e asentar o réxime republicano.

En primeiro lugar, Manuel Azaña acometeu a **reforma do exército**, atrasado e con exceso de oficiais, para transformalo nunha institución eficiente e leal á incipiente República.

Outra das iniciativas que recollía a Constitución era a **separación Igrexa-Estado**. As reformas querían diminuír a influencia da Igrexa sobre a vida pública e a educación.

Así mesmo, púxose en marcha o proceso de **descentralización do Estado**, recollido na Constitución, que recoñecía a existencia dunhas nacionalidades históricas con lingua e identidade propias, e permitía elaborar **estatutos de autonomía** e establecer gobernos autónomos.

A reforma do exército

- Decretos entre abril e setembro de 1931 (Lei de Retiro), que posibilitaron a xubilación de case a metade dos oficiais.
- Peche da Academia Militar de Zaragoza onde se formaban os altos mandos, en xeral hostís á República.
- Cambio de destino dos oficiais contrarios ao novo réxime.
- Creación da Garda de Asalto, nova policía militarizada e leal á República.

A separación Igrexa-Estado

- Supresión do orzamento público para o mantemento do clero.
- Disolución da influencia das ordes relixiosas dedicadas á ensinanza e disolución da Compañía de Xesús.

A reforma territorial: os estatutos de autonomía

- O primeiro territorio que se acolleu á prerrogativa autonómica foi Cataluña. Tras unha Generalitat provisional en 1931, e pese á oposición das dereitas nas Cortes, o Estatuto de autonomía foi aprobado en 1932.
- No País Vasco empezou a redactarse un estatuto, que foi aprobado en 1936.
- En Galicia, o inicio da Guerra Civil freou o proceso autonómico.



► Alegoría da Segunda República.

O exceso de oficiais

É manifesto que en todas as escalas do Exército hai un enorme sobranche de persoal (...). A isto chegouse por consecuencia das guerras civís e coloniais, en virtude dun sistema erróneo no recrutamento da oficialidade. (...) Tal situación ha de concluír, e o Goberno atópase resolto a que conclúa.

Preámbulo do Decreto do 25 de abril de 1931.

A oposición da Igrexa

Cometeuse o grave e funesto erro de excluír á Igrexa da vida pública e activa da nación, das leis, da educación da xuventude, da mesma sociedade doméstica, con grave menosprezo dos dereitos sagrados e da conciencia cristiá do país.

Declaración colectiva do episcopado ante a nova Constitución, 20 de decembro de 1931.

Portada do Estatuto de 1932, que proclamaba a autonomía de Cataluña dentro da República española.



A CONSTITUCIÓN REPUBLICANA DE 1931

A nova Constitución estableceu as bases dunha república democrática e de progreso, pero non tivo apoio dos grupos conservadores que disentían en cuestións sociais, relixiosas e autonómicas. O texto establecía os seguintes principios:

- España definíase como un **Estado integral**, coa posibilidade de establecer gobernos autónomos.
- Instaurouse o **sufrexio** universal masculino e **feminino**.
- Proclamouse a **aconfesionalidade do Estado**, pero respectábanse todos os cultos e crenzas. Permitiuse o matrimonio civil e implantouse o divorcio.
- Presentaba unha **declaración de dereitos individuais** e establecía amplas **liberdades públicas e privadas**. Recoñecía o dereito á propiedade privada, aínda que o Goberno podía expropiar bens de utilidade social.
- O **poder legislativo** residía nas **Cortes**, formadas por unha soa Cámara; o **poder executivo** estaba en mans do Consello de Ministros e o Presidente da República. Asentábase a independencia do poder xudicial.

Unha vez aprobada a Constitución, Niceto Alcalá Zamora, republicano católico e moderado, foi elixido presidente da República, e Manuel Azaña, republicano de esquerdas, foi nomeado xefe de Goberno, integrado por republicanos, socialistas e nacionalistas. Iniciábase a etapa do **Bienio Reformista** (1931-1933).

O voto feminino

A Constitución de 1931 recoñeceu, por primeira vez en España, o dereito ao sufraxio feminino. O debate nas Cortes foi controvertido.

As dereitas opúñanse ao voto feminino porque consideraban que o lugar da muller na sociedade era o fogar, reservándose os asuntos públicos aos homes.

As esquerdas apoiaban a igualdade legal de homes e mulleres e defendían o seu dereito a votar e a ser elixidas. Porén, algúns deputados republicanos dubidaban da súa conveniencia, xa que acusaban o voto feminino de conservador.

A Constitución de 1931

Art. 1. España é unha República democrática de traballadores de toda clase, que se organiza en réxime de Liberdade e de Xustiza. Os poderes de todos os seus órganos emanan do pobo. A República constitúe un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e as Rexións. (...)

Art. 3. O Estado español non ten relixión oficial. (...)

Art. 25. Non poderán ser fundamento de privilexio xurídico: a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas nin as crenzas relixiosas. (...)

Art. 29. Ninguén poderá ser detido nin preso senón por causa de delito. (...)

Art. 34. Toda persoa ten dereito a emitir libremente as súas ideas e opinións. (...)

Art. 39. Os españois poderán asociarse ou sindicarse libremente. (...)

Art. 52. O Congreso dos Deputados componse dos representantes elixidos por sufraxio universal, igual, directo e secreto.



► Mitin de Clara Campoamor na demanda do sufraxio feminino, 1931.



11. As españolas exerceron por primeira vez o seu dereito ao voto nas eleccións municipais de 1933 e despois nas eleccións lexislativas de 1933 e 1936.

A concesión do dereito ao voto

Un dos principais temas de debate na elaboración da Constitución de 1931 foi a concesión do voto á muller. Moitos deputados consideraban que non era conveniente facelo porque as mulleres votarían aos partidos máis conservadores, o que, a longo prazo, prexudicaría a República.

Partidarias de aprazar a concesión do voto feminino foron Victoria Kent e Margarita Nelken. Unha opinión diferente manifestou outra deputada: Clara Campoamor, quen defendeu o dereito ao sufraxio feminino. Finalmente, este aprobouse por 161 votos a favor e 121 en contra. (11)



3 EDUCACIÓN CÍVICA.

- Investiga e explica as razóns que deron algúns deputados republicanos para negar ás mulleres o dereito ao voto.



4 EXPRESIÓN ORAL.

- Le o discurso de Clara Campoamor.
 - Quen foi esta persoa?
 - Que argumentos utilizou para convencer as Cortes da necesidade de aprobar o sufraxio feminino? Estás de acordo con eles? Por que?
- Cales foron os principais logros no proceso de emancipación feminina durante a Segunda República? Cal che parece máis importante? Por que?

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

Discurso de Clara Campoamor

Como pode dicirse que cando as mulleres dean sinais de vida pola República se lles concederá como premio o dereito a votar? [...] Por que o home, ao abeiro da República, ten que ter os seus dereitos e teñen que poñerse nun lazareto os da muller? [...]

Eu, señores deputados, síntome cidadán antes ca muller, e considero que sería un profundo erro político deixar a muller á marxe dese dereito, a muller que espera e confía en vós; a muller que [...] será indiscutiblemente unha nova forza que se incorpora ao dereito e non hai senón que empuñala a que siga o seu camiño. [...] Salvades a República, axudades a República atraéndovos e sumando esa forza que espera ansiosa o momento da súa redención. [...]

Non cometades un erro histórico que non tereades nunca bastante tempo para chorar (*Rumores*) [...] ao deixar á marxe da República a muller, que representa unha forza nova, unha forza moza; que foi [...] apoio para os homes que estaban nos cárceres; que sufriu en moitos casos coma vós mesmos, e que está anheloso, aplicándose a ela mesma a frase de Humboldt de que a única maneira de madurar para o exercicio da liberdade e de facela accesible a todos é camiñar dentro dela.

Diario de Sesións das Cortes Constituintes da República española, outubro de 1931

Outros logros do período republicano

Durante a Segunda República aplicáronse diversas medidas para mellorar a situación da muller:

- Entrou en vigor o Seguro Obrigatorio de Maternidade. Grazas a el as mulleres podían gozar dun descanso pagado tras dar a luz.
- Permitteduse que as mulleres accedesen a certos postos da Administración (notarios, procuradores, rexistradores da propiedade...), antes exclusivamente masculinos.
- Estableceuse a igualdade de salarios entre homes e mulleres, aínda que nunca se cumpriu.

Pese a todo, a situación das mulleres só se achegou á dos homes na teoría.

DESCUBRE

O papel da muller en tempos da Segunda República

As españolas na década de 1930

A comezos da década de 1930 o nivel cultural da muller en España era baixo: máis do 50% das españolas eran analfabetas. Ademais, todas carecían de dereitos políticos e estaban sometidas aos homes (pais, esposos...). Moitas delas traballaban no campo (9) ou nas fábricas, pero os seus salarios, se os había, eran menores ca os dos homes e á súa xornada diaria debían sumar as tarefas domésticas, xa que ser esposas e nais era a súa dedicación principal. (9)

A loita polos dereitos femininos

O movemento sufragista tivo menos desenvolvemento en España ca noutros países e foi un movemento minoritario, reducido ás elites intelectuais do país.

Cando se proclamou a Segunda República as mulleres non podían votar, pero as mulleres maiores de 23 anos podían ser elixidas para algúns cargos políticos. Por iso, as Cortes Constituíntes de 1931 contaron con tres deputadas: Clara Campoamor, Margarita Nelken e Victoria Kent. (10)



9. Grupo de mulleres traballando na clasificación de laranxas en Valencia (A). Mulleres paseando cos seus fillos en Barcelona (B).

10. AS PRIMEIRAS DEPUTADAS ESPAÑOLAS



Clara Campoamor
(1888-1972)

Filla dunha modesta familia, licenciouse

en Dereito e actuou como avogada defensora dos militares que se sublevaron en Xaca a favor da proclamación da República en 1930. Militou no Partido Radical e foi elixida deputada nas eleccións do 26 de xuño de 1931. Defendeu o dereito de voto da muller nas Cortes Constituíntes e a lei do divorcio. Tras o estalido da Guerra Civil exiliouse de España e morreu en Lausana (Suíza).



Victoria Kent
(1898-1987)

Estudou Maxisterio e Dereito. Afiliouse ao Partido

Radical Socialista e foi elixida deputada en 1931 e en 1936. Nomeada directora xeral de prisións en 1931, desde o seu posto tratou de mellorar as condicións dos reclusos e de lograr a súa reinserción na sociedade ao saír do cárcere. Tras a Guerra Civil refuxiouse en París, de onde fuxiu cando se produciu a ocupación nazi. Despois viviu no exilio en México e en Estados Unidos.



Margarita Nelken
(1896-1968)

Filla de inmigrantes alemáns, foi pintora

e autora de artigos de crítica literaria e artística. Militou no PSOE e foi elixida deputada en 1931, en 1933 e en 1936. A súa participación na revolución de outubro de 1934 levouna a ser condenada a prisión, pero fuxiu a París. Participou activamente na Guerra Civil e en 1937 afiliouse ao PCE. Nos últimos meses da Guerra Civil refuxiouse en Francia e, despois, exiliouse a México.

B A REFORMA AGRARIA

A República tratou o problema do latifundismo. Nalgunhas zonas de España, sobre todo en Andalucía e Estremadura, existían centos de milleiros de xornaleiros sen terras e nunha situación de extrema miseria, mentres que a propiedade se concentraba en mans duns centos de propietarios.

Unha lei de 1932 decretou **expropiables os grandes terreos que non se cultivasen**, e permitiu distribuílos entre os campesiños sen terras. Creouse o **Instituto de Reforma Agraria (IRA)** para indemnizar os propietarios e facilitarles o asentamento ás familias campesiñas.

Así e todo, a escaseza de recursos para indemnizar os propietarios e os numerosos preitos que estes interpoñían fixeron que a reforma fose lenta e limitada.

@ Amplía na Rede...

Para saberes máis sobre a reforma agraria e os grupos sociais máis afectados, entra en: www.tiching.com/750926

PROPIEDAD AGRARIA E MOVEMENTOS SOCIAIS CARA A 1930



A REFORMA AGRARIA ENTRE 1932 E 1934

	Predios	Extensión (ha)	Familias asentadas
Expropiados	468	89 133	8 609
Ocupados	61	27 704	3 651

C A OPOSICIÓN AO GOBERNO REPUBLICANO-SOCIALISTA

O reformismo republicano tivo que lle facer fronte a dous bloques de oposición:

- O **enfrentamento cos afectados polas reformas**, como os grandes propietarios agrarios, a xerarquía da Igrexa católica, unha parte do exército e amplos sectores das clases altas e medio-altas, que sentían ameazados os seus privilexios. En 1932, aproveitando o descontento, o xeneral Sanjurjo deu un golpe de Estado que foi freado polo Goberno.
- A **crítica dos sectores de esquerda**, debida á lentitude dalgunhas reformas, especialmente a reforma agraria, irritou unha parte dos xornaleiros e dos obreiros.

A UGT radicalizouse e certos núcleos anarquistas, sobre todo os vinculados á FAI, apostaron directamente pola insurrección armada. Así, protagonizaron algúns levantamentos como os do **Alto Llobregat** (1932) e **Casas Viejas** (1933) que foron duramente reprimidos polas forzas da orde pública.



Grupo de campesiños detidos pola Garda Civil tras o levantamento de Casas Viejas (Cádiz).

O Bienio Conservador e a Fronte Popular

O Bienio Conservador (1933–1935)

A represión dos sucesos de Casas Viejas xeraron críticas ao Goberno e división na coalición republicano-socialista. Membros da CNT e socialistas denunciaron o autoritarismo governamental, e a dereita acusou o Goberno de incapacidade para controlar as revoltas. Azaña dimitiu como xefe do Goberno, e o presidente Alcalá Zamora convocou novas eleccións para o 18 de novembro de 1933.

Os republicanos de esquerdas presentáronse divididos ás eleccións, mentres que os conservadores se uniron na **Confederación Española de Dereitas Autónomas (CEDA)**, liderada por Gil Robles. A vitoria do centro-dereita (Partido Radical e CEDA) comportou a formación dun novo Goberno presidido por Lerroux, que paralizou boa parte do proceso reformista desenvolvido na etapa anterior.

En **outubro de 1934**, a entrada de ministros da CEDA no Goberno provocou un forte rexeitamento entre os partidos e sindicatos de esquerdas. En **Asturias**, un movemento insurreccional, impulsado por socialistas e comunistas, declarou a revolución social e ocupou a conca mineira. En **Cataluña**, a Generalitat proclamou o Estado catalán dentro da República federal española.

Ambos os movementos foron duramente reprimidos polo exército, o que causou un gran número de vítimas e detidos en Asturias. En Cataluña, o conflito acabou coa suspensión do Estatuto e o encarceramento do Goberno.

Despois destes sucesos de outubro de 1934, as diferenzas entre o Partido Radical e a CEDA foron en aumento. En 1935 algúns ministros radicais víronse implicados en diversos escándalos de corrupción, e o presidente da República convocou eleccións para febreiro de 1936.

A Fronte Popular (1936–1939)

Os partidos republicanos de esquerda concorreron ás eleccións formando unha **Fronte Popular**. O sindicato anarquista CNT non lles propuxo a abstención aos seus afiliados como pasou en ocasións anteriores.

Os partidos de centro e de dereita uníronse en coalición na maioría das provincias. O seu programa era continuar a política contrareformista do Bienio Conservador e modificar a Constitución.

A vitoria electoral correspondeu por escasa marxe á Fronte Popular. O Goberno foi asumido polos **republicanos de Azaña**, quen se converteu en presidente da República, mentres que Santiago Casares Quiroga asumía a xefatura do Goberno.


A Fronte Popular puxo de novo en marcha o **programa de reformas iniciado en 1931**, pero con maior iniciativa e resolución política. Acelerouse a reforma agraria, reinstaurouse a Generalitat de Cataluña e reiniciouse o proceso autonómico no País Vasco e Galicia. Así mesmo, déuselles un destino afastado de Madrid aos militares sospeitosos de preparar un golpe de Estado (Franco, Mola e Goded).

Peticións dos obreiros de Asturias

1. Aumento dos salarios (...).
2. Xornada de sete horas e de seis para os traballos nocturnos (...).
3. Igualdade de salarios para traballo igual.
4. Dous meses ao ano de vacacións pagas.
5. Pagamento do 75% do salario por parte do Estado aos obreiros sen traballo.
6. Dous meses de vacacións pagas antes e despois do parto para as obreiras, e media hora cada tres horas durante a lactación.
7. Pagamento (...) do salario en caso de accidente.
8. Liberdade (...) de reunión e manifestación.
9. Desarmamento das forzas reaccionarias e armamento do proletariado.
10. Destrución do réxime capitalista e edificación da sociedade socialista.

Manifesto dos Obreiros de Asturias, 1934.

OS RESULTADOS ELECTORAIS EN 1933 E 1936




Cartes de propaganda electoral das eleccións de 1936, que amosan a radicalización das posturas de ambos os bloques electorais.

12. RESULTADOS NAS ELECCIÓNS XERAIS DE 1933



13. Mineiros asturianos detidos pola Garda Civil tras a revolución de 1934.

14. CRONOLOXÍA DA SEGUNDA REPÚBLICA



O Bienio Conservador (1933-1935)

En setembro de 1933 Manuel Azaña dimitiu e convocáronse **novas eleccións**. Nelas os partidos de centro e de dereita lograron un grande éxito. (12) A dereita uniuse na Confederación Española de Dereitas Autónomas (**CEDA**), liderada por **José María Gil Robles**. O centro dereita gañou as eleccións e, apoiado pola CEDA, o **Partido Radical** de **Alejandro Lerroux** fíxose cargo do Goberno.

Os gobernos do Bienio Conservador **modificaron** ou **suspenderon reformas** do período anterior: paralizouse a reforma agraria, concedeuse unha amnistía aos participantes no golpe de Estado do xeneral Sanjurjo e permitíuselles volver aos seus postos no Exército.

A tensión entre esquerdas e dereitas materializouse na **revolución de outubro de 1934**, que se produciu despois de que Lerroux nomease tres ministros da CEDA. Os partidos de esquerda convocaron unha folga revolucionaria en outubro de 1934 para contrarrestar o suposto perigo que implicaba a CEDA para a República.

- A revolución triunfou en **Asturias**, onde as organizacións obreiras ocuparon a conca mineira co obxectivo de crear un goberno revolucionario. A revolución foi duramente reprimida polo exército (2.000 mortos e 30.000 detidos). (13)
- En **Cataluña**, o Goberno autónomo sumouse á insurrección e Lluís Companys proclamou o Estado Catalán dentro da República Federal Española. Tras o fracaso desta insurrección, reprimida polo exército, a Generalitat foi disolta, e os líderes do Goberno autónomo, encarcerados.

Tras sufocar a revolución, o Goberno entrou en crise. As diferenzas ideolóxicas e a **corrupción** no Partido Radical puxeron fin á coalición gobernante e convocáronse novas eleccións xerais para febreiro de 1936.

A Fronte Popular (1936)

Os grupos políticos de esquerda presentáronse ás eleccións de 1936 unidos na **Fronte Popular**, integrada por socialistas, comunistas, republicanos de esquerda e algunhas forzas nacionalistas. Na dereita foran gañando peso os líderes extremistas: José Calvo Sotelo e José Antonio Primo de Rivera, líder do partido de orientación fascista, **Falange Española**. (15)

A Fronte Popular ganou as eleccións cun número de votos moi axustado, aínda que logrou suficientes escaños para formar Goberno. (16) O novo Goberno retomou a **política de reformas** e liberou os presos da revolución de outubro de 1934. En maio de 1936 Azaña substituíu a Alcalá Zamora como presidente da República.

A conflitividade social aumentou. Producíronse folgas, incendios de igrexas e enfrontamentos entre falanxistas e militantes das organizacións obreiras. Algúns militares, dirixidos polo xeneral Mola, comezaron a conspirar contra a República.

O 12 de xullo de 1936 pistoleiros da dereita asasinaron ao **tenente Castillo**, coñecido militar de esquerdas. Un día despois, os compañeiros do tenente Castillo asasinaron a **Calvo Sotelo**, líder da dereita. Este acontecemento precipitou a sublevación das tropas españolas do norte de África o 17 de xullo de 1936, dirixidas polo xeneral Franco. (14)



CLAVES PARA ESTUDAR

- Define CEDA, Fronte Popular, Falange Española.
- Compara a obra política do Bienio Conservador coa do Bienio Progresista.
- Que sucedeu en España en outubro de 1934? Que consecuencias tiveron estes feitos?
- Que medidas adoptou o Goberno da Fronte Popular?


PENSA. Cres que os resultados electorais de 1936 deron lugar a un Goberno estable? Razoa a resposta.

TEXTOS HISTÓRICOS FUNDAMENTAIS

Discurso falanxista

[...] Ides tolerar a broma de que cada dous anos teñamos que acudir cunha papeleta a salvar España e a civilización cristiá e occidental? [...] Aínda que triunfasen en España todas as candidaturas socialistas, vós, país españois, a quen van dicir que a patria non existe, que ides ver os vosos soldados en indisciplina; vós, relixiosos, católicos españois, que ides ver convertidas as igrexas en museos dos sen Deus; vós, acatariades o resultado electoral? Pois a Falange tampouco.

José Antonio PRIMO DE RIVERA, Discurso en Madrid, 2 de febreiro de 1936




15. José Antonio Primo de Rivera.



- Identifica as referencias antidemocráticas do discurso.

16. RESULTADOS NAS ELECCIÓN XERAIS DE 1936



BIENIO CONSERVADOR

FRONTE POPULAR

25 de abril
Amnistía para Sanjurjo e os seus seguidores

6 de outubro
Inicio da revolución en Asturias

1935

6 de maio
Goberno con maioría da CEDA

19 de setembro
Escándalo do estraperlo

1936

16 de febreiro
Eleccións lexislativas

12-13 de xullo
Asasinatos de Castillo e Calvo Sotelo

17-18 de xullo
Sublevación militar

1937